



Os labores de asesoramento nun SNL/SL: novas propostas de traballo



xestión do traballo e obxectivos

3-4 de outubro de 2003
Santiago de Compostela

ÍNDICE

1 ANÁLISE/AVALIACIÓN DO ORGANISMO OU INSTITUCIÓN EN QUE SE ENCONTRA O SNL/SL	4
1.1 Usos, actitudes, competencias...: coñecer para transformar (qué e cómo).....	6
1.2 Perfil dos emisores de textos	8
2 RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	13
2.1 Sobre a autoridade dos dicionarios	13
2.2 Sobre a toponimia	14
2.3 Sobre a organización dos recursos electrónicos en liña	14
3 OBXECTIVOS DO ASESORAMENTO NUN SL/SNL	16
3.1 Garantir a calidade lingüística da documentación	19
3.2 Reducir o número de documentos revisados.....	19
3.3 Revisar máis documentos no mesmo tempo.....	20
3.4 Encher de valor o tempo dedicado a labores de asesoramento	20
4 A XESTIÓN DO TRABALLO NUN SL/SNL	22
4.1 Asesorar sen ofender: a metodoloxía da revisión	30
4.2 Asesorar para formar.....	31
4.3 Asesorar e dinamizar	33
5 ANEXO: RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	34
5.1 Recursos para o asesoramento	34
5.1.1 Normas	34
5.1.2 Gramáticas	34
5.1.3 Libros de estilo e de criterios lingüísticos	34
5.1.4 Dicionarios.....	35
5.1.5 Vocabularios, léxicos e dicionarios terminolóxicos	38
5.1.6 Principais fontes de termos en liña	49
5.1.7 Roldas de correo	50
5.1.8 Para a toponimia	50
5.1.9 Para a antroponimia	52
5.1.10 Modelos de documentación	52
5.1.11 Manuais de lingua e de linguaxes.....	52
5.2 Recursos sobre o asesoramento	53
5.2.1 Revistas e boletíns	55

1 **Análise/avaliación do organismo ou institución en que se encontra o SNL/SL**

A actuación dun servizo lingüístico no seo dunha organización complexa de ningún xeito pode ser illada do resto do centro, nin debe formularse a realización de accións improvisadas; senón que, inda que só sexa por prestixiar minimamente a tarefa que se propón facer, ten que actuar canto máis organizadamente mellor, e por iso lle cómpre coñecer cáles son as posibilidades de actuación que o centro lle propón. (M^a Teresa Cabré, 1990:15)

Todo SNL/SL que se integra nunha organización, ben sexa un ente público ben privado, debe posuír un coñecemento completo do funcionamento da institución en que traballa e da posición que ocupa o servizo dentro do organigrama para delimitar o seu campo de actuación e a súa área de influencia (canto máis alta sexa a súa situación dentro do organigrama maior será o seu campo de traballo e maior será tamén a súa influencia). Así mesmo, debe dilucidar cál é a importancia e o rol que xoga cada un dos sectores que compoñen o organigrama e é obrigado que coñeza a xerarquía de responsabilidades que se establecen dentro del.

Á parte deste coñecemento básico e fundamental para definir o ámbito de acción do SNL/SL no desenvolvemento dos seus labores, temos que ter en conta outra serie de factores que van rexer ou coutar, en certo modo, o desenvolvemento normal do noso traballo, polo que o SNL/SL debe estar ao tanto da:

- *temporalidade do servizo*: a vida do SNL/SL dentro dun organismo decidirá a selección dos obxectivos normalizadores e, polo tanto, as liñas de actuación para acadalos;
- *política xeral e da política lingüística da organización*: determinará a capacidade de actuación do SNL/SL e influirá sobre as accións que este

leve a cabo. A vontade de colaboración do equipo de goberno co servizo lingüístico na posta en marcha actuacións normalizadoras é fundamental para que as medidas que tome o SNL/SL posúan o aval necesario para penetrar de xeito vertical na entidade;

- *recursos económicos da institución*: os investimentos da entidade en materia de planificación lingüística ampliarán ou reducirán os recursos necesarios do SNL/SL;
- *información sociolingüística da organización*: os usos, as competencias e, fundamentalmente, as actitudes cara á lingua galega dunha entidade concreta condicionarán o xeito de actuar do SNL/SL dentro desa microsociedade;
- *percepción e opinión que os membros da organización teñen do SNL/SL*: coñecer e avaliar qué pensan do(s) servizo(s) que presta o SNL/SL axudará a comprender algunhas das actitudes, ben sectoriais ben individuais, coas que se poden encontrar os/as técnicos/-as de normalización.

Se temos, pois, en conta este tipo de información a selección de obxectivos que permita planificar unha serie de liñas de actuación nun programa estratéxico de intervención normalizadora (tanto na extensión do uso lingüístico coma na mellora da calidade e da formación lingüística do persoal da organización), seleccionando obxectivos, asignando e xestionando recursos, facendo seguimentos e avaliacións das medidas tomadas para acadar eses obxectivos, etc. Unicamente deste xeito, é dicir, cunha intervención consciente e organizada, poderemos tentar transformar o marco social sobre o que temos que actuar.

1.1 Usos, actitudes, competencias...: coñecer para transformar (qué e cómo)

Un servizo lingüístico terá que programar actuacións de normalización lingüística (distintas) segundo o contexto sociolingüístico en que actúe; por iso, unha vez que temos delimitado o campo de acción do SNL/SL é imprescindible obter datos que dean boa conta da realidade sociolingüística da institución. Estes datos obtéñense mediante estudos de campo elaborados por especialistas: enquisas, grupos de discusión, etc., dos que obtemos información pertinente sobre a situación da lingua dentro da microsociedade que conforma a institución. Evidentemente, non todos os SNL/SL teñen a capacidade e o tempo para facer unha análise a fondo, pero sempre é recomendable obter datos, como mínimo, a través de pequenos cuestionarios elaborados polo propio responsable do SNL/SL.

Estes datos serán para o SNL/SL coma unha radiografía para detectar as necesidades concretas da entidade e, a partir de aquí, priorizar as liñas de actuación concretas en materia de extensión de uso do galego dentro do organismo. Igualmente, permitirán o establecemento de perfís lingüísticos para atender adecuadamente ás necesidades formativas dos seus traballadores, coa finalidade de incrementar a calidade dos servizos que a institución lle presta á sociedade.

A análise sociolingüística da entidade permítenos interpretar cáles van ser os principais atrancos con que nos atopemos á hora de desempeñar o noso traballo (unhas actitudes negativas cara ao idioma ou unhas competencias escritas moi baixas, por exemplo), e tamén cos factores que nos sexan favorables (un dominio oral de galego moi alto, boa predisposición para a asistencia a cursos, etc.).

Ademais do coñecemento da situación interna do organismo para o que prestamos os nosos servizos, é de carácter obrigado que nos labores de asesoramento se teñan tamén moi en conta os datos sobre a realidade sociolingüística da sociedade en que a institución presta os seus servizos (sempre que nos refiramos a institucións públicas): do *Mapa sociolingüístico de Galicia* de

1995, do Censo de 1991, doutras entidades que teñan estudos semellantes, e mesmo doutro tipo de estudos que poidan proporcionar información relevante para efectuar o traballo co máximo coñecemento posible.

A partir destes datos deberemos deseñar os obxectivos xerais do servizo, establecer as medidas, seleccionar os obxectivos e deseñar as principais liñas de actuación sobre os problemas detectados: sobre aqueles sectores máis desgaleguizados, aqueles que consideremos estratéxicos pola súa posición no organigrama ou polo seu efecto dinamizador dentro da organización.

Daquela, os labores de asesoramento que se realicen nun SNL/SL deberán ter moi en conta estes datos, posto que deles poderemos establecer un programa estratéxico de actuación para os labores de asesoramento lingüístico e, xa que logo, un plan para a mellora da calidade e da formación do persoal da entidade. Para o desenvolvemento desta tarefa sería de especial axuda o establecemento dos perfís lingüísticos máis adecuados para a organización, pois facilitaría o traballo á hora de tomar medidas: que garantan os modelos lingüísticos adecuados; que incidan na extensión dos coñecementos lingüísticos; que potencien o uso da lingua; etc.; e facilitan o seguimento dos diferentes sectores ou individuos e, así mesmo, a avaliación e o control das medidas que se tomaron para acadar determinados obxectivos.

Rematamos este epígrafe incidindo no enunciado do título: «coñecer para transformar (qué e cómo)»; pois cambiar o funcionamento dunha organización implica cambiar o funcionamento dos sectores e das persoas que traballan nela, e isto supón coñecer a situación a fondo para establecer o noso plan estratéxico de intervención: ben xeral, do SNL/SL, ben sectorial, das áreas ou labores que dentro del se realicen.

1.2 Perfil dos emisores de textos

Para comezar a deseñar un plan de actuación dentro da organización é dunha grande importancia ter en conta as necesidades lingüísticas particulares de cada posto de traballo. O deseño dos perfís lingüísticos da institución permitiralle ao SNL/SL, por un lado, identificar cáles son os problemas cos que en teoría debería traballar, cáles son os que en realidade se atopa, e cáles son as liñas de traballo prioritarias para a consecución de pequenos obxectivos normalizadores; por outro lado, será moi útil dentro da organización á hora de seleccionar persoal para cubrir prazas vacantes.

Esta información haberá que ter en conta para realizar e avaliar todos os labores dun SNL/SL. Os labores de asesoramento permitirannos saber cuál é a formación que debería ter o persoal, o grao de intensidade das revisións lingüísticas, o esforzo que debemos primar no desenvolvemento das diferentes tarefas do SNL/SL e, así, rendibilizar os recursos que se destinan ás accións de normalización.

Os perfís lingüísticos que presentamos abaixo son unha adaptación dos que preparou para Cataluña a Direcció Geral de Política Lingüística da Generalitat. Neles preséntase un modelo a partir do que podemos definir os perfís lingüísticos dunha organización, atendendo á necesidade de coñecementos lingüísticos do persoal, a través do nivel de esixencia de cada posto de traballo.

O noso criterio pretende adecuar ao máximo a formación do persoal ás esixencias da tarefa que realiza e, en boa parte dos casos, non hai correspondencia do nivel entre a actividade laboral que se fai falando e a que se fai escribindo, polo que os coñecementos poden ser gradualmente diferentes nunha ou noutra tarefa.

Potenciar as accións encamiñadas cara á formación lingüística do cadro de persoal terá unha importancia vital para conseguir avances na súa normalización lingüística, pola incidencia que a formación dos traballadores ten nas relacións da organización cara ao exterior, tanto oralmente coma por escrito. A atención ao/á

usuario/-a dun xeito correcto representa ofrecer unha imaxe de eficacia e calidade que se valora positivamente.

Na seguinte táboa presentamos, nun nivel moi xeral, unha serie de perfís lingüísticos estándar baseados nas competencias escritas e orais en galego. Partimos dos niveis *Pre-inicial* (P): coñecementos moi básicos de galego; *Inicial* (I); *Elemental* (E); e *Avanzado* (A): coñecementos altos de lingua e, incluso, de cultura galega.

Outro baremo para a elaboración dos perfís é o grao de coñecementos de galego para a expresión oral e para a expresión escrita, ademais do grao de comprensión escrita e oral. A etiqueta coa que denominamos o perfil ten as seguintes informacións:

- O grao de coñecemento global da normativa, indicado coas letras iniciais.
- O dominio necesario de habilidade para a escrita, indicado coa primeira cifra.
- O dominio necesario de habilidade para falar, indicado coa segunda cifra.

Táboa 1. Perfis lingüísticos estándar¹

	P (1)	I (2)	E (3)	A (4)
CO	<p>Comunicacións non especializadas e respectivas ao posto de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Instrucións sinxelas en soporte escrito (esquemas, notas, etc.). Mensaxes telefónicas simples. Solicitudes de información puntuais. 	<p>Comunicacións específicas relacionadas co lugar de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Instrucións completas. Seguimento de discusión no transcurso de reunións de traballo sobre temas coñecidos. 	<p>Comunicacións sobre temas habituais, temas específicos ou complexos, desenvolvemento de proxectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Seguimento satisfactorio de reunións de traballo sobre o desenvolvemento de proxectos, temas específicos ou complexos. Atención personalizada de clientes, usuarios/-as, etc. 	
CL	<p>Textos breves de información precisa e clara relacionada co posto de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Listaxes de palabras. Instrucións baixo a forma de explicacións limitadas con soporte de esquemas, gráficos ou manual de instrucións. Notas internas. Albarás, facturas, recibos. 	<p>Textos básicos relacionados coa tarefa:</p> <ul style="list-style-type: none"> Instrucións complexas que esixan certa iniciativa persoal. Prospectos, catálogos... Cartas sobre aspectos xerais relacionados coa tarefa. 	<p>Textos de carácter xeral ou sobre temas específicos relacionados co posto de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Informes. Cartas. Artigos ou referencias técnicas relacionadas coa tarefa. Bases e instrucións. 	
EO	<p>Comunicacións no interior ou no exterior da empresa ou a organización con vocabulario básico e propio do lugar de traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> Mensaxes telefónicas simples. Saúdos e instrucións breves e sinxelas. Información puntual de primeira atención. 	<p>Comunicacións ao interior ou ao exterior da organización:</p> <ul style="list-style-type: none"> Intercambios de información sobre temas habituais relacionados co posto de traballo. Diálogos e discusións con outros servizos sobre aspectos prácticos. Ordes, encargos, peticións, xustificacións, explicacións, etc. 	<p>Comunicacións de longa extensión de difusión interna ou externa con certo grao de improvisación:</p> <ul style="list-style-type: none"> Asesoramento. Participación en reunións de ámbito laboral. Intervencións expositivas relacionadas coa tarefa. Explicacións coa finalidade de instruír. 	<p>Comunicacións de ampla difusión sobre asuntos profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> Discursos. Conferencias. Reunións de dirección con exposicións argumentativas. Programas radiofónicos ou televisivos (presentacións, informativos, entrevistas).
EE	<p>Non produce ningún tipo de texto escrito.</p>	<p>Textos breves de difusión interna e textos de difusión externa sen responsabilidade final sobre a corrección do texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> Notas breves para pasar unha mensaxe recibida por teléfono. Avisos sobre unha información xeral de carácter práctico. Impresos. Circulares e cartas. 	<p>Textos de difusión externa ou interna con capacidade dunha certa improvisación e con responsabilidade sobre a corrección do texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> Resumos. Informes breves, memorias. Cartas. 	<p>Textos de carácter técnico e textos de ampla difusión:</p> <ul style="list-style-type: none"> Comunicacións, relatorios destinados ao interior ou ao exterior da organización coa finalidade de interpretar feitos, datos, e de argumentar opinións ou decisións. Textos propios da prensa (editoriais, artigos, noticias). Informes e proxectos.
	P (11)	I (22)	E (33)	A (44)

¹P: preinicial, I: inicial, E: elemental e A: avanzado.

Esta información funcionará de mapa das necesidades lingüísticas e permitiranos deseñar a formación necesaria para cada posto de traballo, como xa se dixo, co obxectivo de establecer unha certa frecuencia na produción de textos que xere a autonomía suficiente que o persoal da organización precisa, polo seu perfil, para poder producilos, especialmente desde a perspectiva da responsabilidade da corrección lingüística.

Con isto, a área ou os labores de asesoramento son unha ferramenta de avaliación importante para o SNL/SL, pois serve como instrumento para avaliar os coñecementos das persoas, tanto das que ocupan prazas de traballo coma das que hai que seleccionar para que ocupen novas prazas. A área de asesoramento permitirá coñecer en qué estado da formación se atopa o traballador en relación cos programas e, polo tanto, pódense organizar grupos de aprendizaxe con persoas de necesidades semellantes.

O obxectivo é sempre a máxima autonomía do traballador ao mínimo custo do SNL/SL, polo que este sistema permitiría a sistematización do traballo, un mellor aproveitamento dos recursos nos labores de asesoramento e unha avaliación constante que camiñe cara á extensión e mellora dos usos lingüísticos do persoal.

Táboa 2. Relación dos perfís lingüísticos estándar

	P	I	E	A
CO	X			
CL	X			
EO	0			
EE	-			
	P	I	E	A

I11

	P	I	E	A
CO		X		
CL		X		
EO		X		
EE		X		
	P	I	E	A

E22

	P	I	E	A
CO			X	
CL			X	
EO			X	
EE			X	
	P	I	E	A

P33

	P	I	E	A
CO				X
CL				X
EO				X
EE				X
	P	I	E	A

A44

	P	I	E	A
CO	X			
CL	X			
EO	-			
EE	-			
	P	I	E	A

I10

	P	I	E	A
CO		X		
CL		X		
EO	X			
EE		X		
	P	I	E	A

E21

	P	I	E	A
CO			X	
CL			X	
EO		X		
EE			X	
	P	I	E	A

P32

	P	I	E	A
CO				X
CL				X
EO			X	
EE				X
	P	I	E	A

A43

	P	I	E	A
CO				
CL				
EO				
EE				
	P	I	E	A

I12

	P	I	E	A
CO		X		
CL		X		
EO			X	
EE		X		
	P	I	E	A

E23

	P	I	E	A
CO				X
CL				X
EO				X
EE			X	
	P	I	E	A

A34

Estes cadros indican as diferencias de gradación entre os perfís estándar. Sempre deberán ser considerados como xerais e orientativos para poder deseñar uns perfís que se apliquen e adapten á situación sociolingüística concreta de cada SNL/SL. Evidentemente, existen moitos factores que poden impedir partir dunha análise deste tipo: a vida do SNL/SL dentro da organización, o ámbito de influencia, a capacidade para poder asumir este tipo de traballo nun prazo razoable de tempo, etc. Por poñer un exemplo: se un concello decide manter un SNL/SL durante un período de tempo de seis meses, non se poderá investir tempo na realización dos perfís lingüísticos da institución e haberá que solucionar primeiro outras carencias.

2 Recursos bibliográficos

Para os labores de asesoramento nun SL/SNL temos que dispor dunha serie de materiais básicos que son imprescindibles e que nos van facilitar o traballo.

Neste apartado concreto só queremos facer referencia a tres cuestións que consideramos de interese, e que son algúns comentarios sobre o uso de dicionarios de lingua xeral, uns criterios para o uso da toponimia e cuestións de organización para os recursos electrónicos en liña.

De todos os xeitos, achegamos como anexo unha listaxe cos recursos bibliográficos (en papel ou electrónicos) necesarios para o asesoramento nun SL/SNL. Para iso dividimos a clasificación deste en dous grandes apartados: *recursos para o asesoramento* e *recursos sobre o asesoramento*. No primeiro dos apartados facemos referencia ás obras de consulta máis directa e puntual, isto é, ás normas ortográficas e morfolóxicas, a gramáticas, libros de estilo e criterios lingüísticos, dicionarios, vocabularios, fontes de termos, etc. No segundo dos apartados citamos obras, artigos e revistas onde se trata o tema do asesoramento lingüístico e que cómpre consultar, tanto para o coñecemento de cuestións relacionadas coas tarefas de corrección e tradución como para a mellora da xestión destas.

2.1 Sobre a autoridade dos dicionarios

Á hora de usar os dicionarios para escollas léxicas debemos ter en conta que lles debemos dar prioridade ás fontes dotadas de autoridade normativa ou avaladas por organismos oficiais para tal materia. Agora mesmo, as únicas obras de léxico xeral que cumpren con estes requisitos son o *VOLG* e o *Diccionario da Real Academia Galega*. O inconveniente destas é que a primeira é só un vocabulario e que polo tanto as palabras non van acompañadas de definicións, ademais de que a súa versión provisional impresa (1989) xa sufriu múltiples modificacións, polo que cómpre dispor dunha versión actualizada en formato electrónico. O inconveniente da segunda é que só conta cunhas 25.000 entradas.

Despois das fontes dotadas de autoridade normativa debemos acudir ás que pretenden seguir a estas, sobre todo ao *Gran diccionario Xerais da lingua*, aínda que tamén cómpre ter en conta outros como o *Diccionario Cumio da lingua galega*.

2.2 Sobre a toponimia

Para a toponimia galega os únicos materiais que debemos ter en conta son os *Nomenclátor* da Xunta de Galicia, xa que os topónimos que neles se dan son os únicos oficiais <<http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>>.

Sobre a toponimia non galega non hai moito feito e nin sequera existen uns criterios claros formalmente establecidos, pero o que si hai son obras que están avaladas pola RAG ou por organismos oficiais, polo que son a estas ás que lles debemos dar preferencia, aínda que unhas non sigan os mesmos criterios que as outras. Tendo en conta isto, xerarquizaremos as obras dispoñibles do seguinte xeito:


1. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, J. A. (dir.) (1996): *Atlas de Galicia e de España*, Anaya, Madrid (por estar avalado pola RAG. Esgotado).
2. FERNÁNDEZ SALGADO, B. (1994): *Os xentilicios e os topónimos do mundo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela (por estar publicado pola Xunta de Galicia. Esgotado).
3. FERNÁNDEZ SALGADO, B. (dir.) (2001): *Manual de estilo de O Correo Galego*, Editorial Compostela, Santiago de Compostela (por ser do mesmo autor que *Os xentilicios e os topónimos do mundo* e pola súa difusión).
4. Demais obras que se citan no anexo e incluso topónimos que poden aparecer en definicións de xentilicios dos dicionarios normativos.

2.3 Sobre a organización dos recursos electrónicos en liña

No anexo que achegamos coa listaxe de recursos bibliográficos hai un bo número deles que están na rede, sobre todo dicionarios monolingües noutras linguas, vocabularios terminolóxicos e fontes de termos, ademais, claro está,

doutros como buscadores, roldas de distribución, etc. Todos estes recursos son moi válidos para o asesoramento, rápidos, cómodos e económicos.

Para facilitar o traballo o que recomendamos é agregar todas as ligazóns dos materiais de interese no menú 'Favoritos' ou 'Marcadores' do noso navegador, organizándoos por temas, materias ou tipos de recurso, o que facilita e fai moito máis rápido o acceso a eles.



3 OBXECTIVOS DO ASESORAMENTO NUN SL/SNL

[nun SNL] o traballo de asesoramento nunca debe considerarse como un fin en si mesmo, pois nel a razón última das iniciativas neste campo non é tanto asegurar sen máis a calidade lingüística das comunicacións dunha entidade calquera como contribuír a través dese aseguramento a fomentar e potenciar o proceso de cambio lingüístico nesa organización.

(Xusto Rodríguez Río, 2002:205-206)

Para falarmos dos obxectivos xerais dun servizo lingüístico e dun servizo de normalización lingüística debemos partir das diferenzas establecidas desde o mesmo nome do centro.

No caso dun servizo lingüístico (con denominación diversas que van, nos centros que temos hoxe activos, desde «gabinete lingüístico» ata «servizo de tradución») o obxectivo fundamental é a mellora da calidade lingüística da documentación xerada. Polo tanto nestes casos enténdese que o máis importante é ter «bo galego», e isto maiormente, se non en exclusiva, no referido á lingua escrita. Quizais poderíamos tamén engadirlle a isto, sempre secundariamente, cuestións de mellora visual dos textos, de fixacións de modelos de documentos, ou mesmo a pretensión de desenvolver unha corrección formativa que, sen dúbida, sempre redundarían nunha optimización do traballo.

En calquera caso, nun SL a cuestión dos obxectivos parece máis complexa desde o momento en que de partida enténdese que se trata dun centro creado para intervir en exclusiva sobre o corpus. Claro que nos podemos preguntar pola rendibilidade disto no caso de traballarmos cun idioma cunha situación sociolingüística tan delicada como a que vive hoxe o galego, cun asentamento do estándar tan deficiente. Mesmo podemos pensar na posible desmotivación laboral a que pode levar unha certa rutina consistente en corrixir reiteradamente os mesmos erros ao longo dos anos, e se isto non chega a contribuír a unha certa ritualización estática dunha lingua escrita con coidado (porque foi impecablemente revisada) pero non usada. De calquera maneira,

aquí xa entraríamos no ámbito das decisións políticas, e isto non sería competencia da parte técnica.

Pero se nos centramos no caso dun SNL (que é o que nos vai resultar máis rendible dado que é a denominación da inmensa maioría dos centros existentes hoxe en Galicia) as cousas mudan significativamente, dado que neste tipo de centros o obxectivo último e fundamental é a extensión do uso do galego no seu campo de acción. Isto é, a prioridade dunha área de asesoramento nun SNL debe ser, mediante o garantía da calidade lingüística (entre outras), fomentar e potenciar o proceso de cambio lingüístico na organización en que se insira. Sendo así, sería preciso entender o asesoramento non como un fin en si mesmo senón como un medio para acadar ese obxectivo.

Debemos ter en conta (aínda que intuitivamente, por non contarmos con datos globais ao respecto) que o traballo en asesoramento consome unha parte importante dos esforzos do persoal que traballa en servizos lingüísticos, cando non –especialmente se se trata de servizos cun asentamento deficiente ou irregular e cunha actividade non continuada– a totalidade da actividade desenvolvida. Isto supón normalmente un atranco para o desenvolvemento esperable das áreas de dinamización e formación, nas cales non é infrecuente que se adíen iniciativas seguramente máis rendibles a medio prazo, pero que inevitablemente son percibidas como menos urxentes no día a día.

Sen embargo, o asesoramento, en si mesmo, ten unha rendibilidade limitada para a extensión do uso dunha lingua minorizada, por distintos condicionantes inherentes ao tipo de labor que se realiza nesta área. Recollemos mesmo a idea de que, en determinadas situacións pode ter repercusións contrarias, ou polo menos crear «terreo queimado» para avanzar na dirección que se pretende. Pensamos en casos en que o status do/-a técnico/-a (e consecuentemente do servizo) se vexa cuestionado pola falta de apoio político e asemade porque sexa conceptualizado polos seus compañeiros e compañeiras de traballo e usuarios/-as como esa especie de «policía lingüístico que sempre me anda corrixindo o que escribo».

Chocamos aquí con cuestións de susceptibilidade persoal (e a lingua, particularmente a expresión escrita, está especialmente marcada nesta cuestión) e tamén, obviamente, de orgullo profesional, temas ben delicados. E isto podemos atribuílo á deficiente xestión do traballo, ao desleixo en cuestión de mercadotecnia e habilidade negociadora e dinamizadora, á falta de apoio político, mais seguramente tamén, nunha especie de círculo vicioso, a asumir o asesoramento como fin en si mesmo (algo xeralmente condicionado pola formación dos/-as técnicos/-as, maioritariamente filólogos/-as) e pola tendencia a sacralizar a intervención normativizadora como razón última e mesmo única.

Se temos en conta todo isto, entendemos que vai ser rendible investir esforzo en buscar novos procedementos para desenvolver os labores de asesoramento nun SL/SNL que nos permitan camiñar cara a ese obxectivo. E para isto cremos que se debería tratar de:

- Reducir a porcentaxe de horas de traballo dedicadas a este labor. Isto sempre sen que a calidade da documentación emitida pola organización se vexa significativamente afectada.
- Tratar de aumentar a rendibilidade, utilidade e incidencia do labor de asesoramento. Isto é, procurar que menos sexa máis, que se reduza o tempo investido e que este sexa máis rendible. E para este fin debería tratarse de planificar o traballo a medio e a longo prazo, de establecer un procedemento organizativo que, aínda que de partida nos poida parecer algo secundario (nalgúns casos é difícil non tender a pensar que deberíamos estalo investindo en corrixir, o máis axiña posible, eses documentos dunha calidade lingüística tan deficiente que está emitindo a entidade en que traballamos), co tempo imos descubrir como especialmente rendibles. En realidade estamos convencidos de que estas pretensións non difiren moito das adoito formuladas para niveis xerárquicos de intervención e de decisión superiores: planificación, organización, control de calidade, repartimento racional dos recursos, avaliación dos procesos, etc.

Entrando xa nun maior nivel de concreción, presentamos a seguir desagregadas algunhas das cuestións que sería preciso atender para acadar os obxectivos citados.

3.1 Garantir a calidade lingüística da documentación

Incluimos este punto en calidade de idea que debe rexer todo o que se desenvolve posteriormente, e facémolo así coa intención de que non se perda de vista que as medidas propostas, desde a máis xeral á máis concreta, van encamiñadas a garantir a calidade lingüística dos documentos emitidos pola organización en que traballemos.

Tamén polo feito de que nun SL este sería, como xa dixemos, o obxectivo fundamental no desenvolvemento do noso labor.

As cuestións que imos tratar nos seguintes puntos están pensadas fundamentalmente para o labor dun SNL, e aínda que pode haber propostas interesantes tamén para o traballo dun SL, non serían seguramente cuestión que se debesen abordar prioritariamente, nin sequera, nalgúns casos, a súa aplicación sería pertinente.

3.2 Reducir o número de documentos revisados

Para abordar esta tarefa entendemos que sería rendible aplicar algunhas das seguintes medidas:

- Intentar que o número de traducións vaia descendendo gradualmente e que se incrementen as correccións de textos.
- Establecer unha clasificación dos documentos que poden chegar ao servizo (actas, cartas, edictos, futuras publicacións, páxinas web, etc.) agrupándoas segundo un índice que teña en conta factores como repercusión, permanencia, reiteración, difusión, etc.
- Determinar distintos niveis de intensidade no labor de asesoramento en función do índice en que se sitúe segundo o punto anterior.

- Elaborar modelos para os documentos que a organización produza con máis frecuencia (actas, edictos, anuncios, etc.).
- Facer un seguimento da orixe da documentación e da súa difusión final para conseguir melloras progresivas na calidade dos textos que xere un mesmo departamento ou área para comprobar que o tempo investido tivo a súa plasmación no documento que chega ao público.
- En entidades que non teñan un número de traballadores moi grande poderíase mesmo pensar en deseñar un programa de asesoramento personalizado, que posibilitase unha mellora da calidade da lingua empregada polas persoas que redactan textos e unha dependencia menor do labor de corrección.

3.3 Revisar máis documentos no mesmo tempo

Aproveitar as ferramentas informáticas existentes (memorias de traducción, correctores, tradutores, etc.) ou deseñar algunhas básicas (macros, por exemplo) para automatizar o máis posible todas aquelas funcións que o posibiliten.

Esta parte verase algo máis polo miúdo no apartado 4 ao falarmos máis concretamente da xestión do traballo, e tamén no bloque práctico deste curso dedicado ao emprego de ferramentas informáticas para o asesoramento.

3.4 Encher de valor o tempo dedicado a labores de asesoramento

O valor engadido fundamental dunha corrección quizais sexa a potencialidade formativa para a persoa á que se lle revisa o documento, algo que redundaría na xa citada maior autonomía lingüística do cadro de persoal da entidade en que se insira o servizo. Para acadar este obxectivo deberíamos ter en conta cuestións como as que a seguir se citan:

- Aplicación de estratexias de corrección que contribúan á formación. Veremos no apartado 4, dedicado á aplicación práctica de todos estes obxectivos, ferramentas como o control de cambios ou a opción

avanzada de Word de inserir comentarios. En todo caso adiantamos xa que aquí vai ser importante a nosa «cautela» correctora, as decisións que tomemos sobre qué e cándo corrixir algo.

- A responsabilidade do autor respecto ao seu documento. En todo momento debemos ter presente, e facer que así o entendan os/as usuarios/-as do servizo, que a responsabilidade última das virtudes e defectos do texto do documento é do autor.
- Grao de intervención do corrector nos documentos. Aquí destacamos a importancia de facerlle ver ao autor do texto a diferenza entre correccións e suxestións e tamén a gradación das diferentes incorreccións que o documento poida ter.
- Plasmación destas cuestións –de carácter máis ou menos teórico– en documentos concretos tanto de uso interno do servizo como para a súa difusión para os/as usuarios/as que, como dicíamos, deben entender que eles/-as teñen a derradeira palabra sobre os seus textos.
- Reutilización posterior do material revisado. Seríanos útil no caso de actividades formativas xenéricas ou mesmo máis específicas (caso dos programas de asesoramento personalizado de que falabamos) e tamén para a elaboración de informes sobre a evolución lingüística dunha determinada área da organización ou dun/ha determinado/-a usuario/-a.

4 A XESTIÓN DO TRABALLO NUN SL/SNL

Neste apartado imos tratar de levar ao terreo práctico os obxectivos que fomos vendo no punto 3, todos eles encamiñados a optimizar o labor de asesoramento lingüístico, tratando de establecer procedementos na xestión do traballo que poidan ser de utilidade en calquera servizo lingüístico. Non perdemos de vista a complexidade de establecer denominadores comúns para todos os servizos, dadas as diferencias existentes tanto no plano teórico coma no traballo diario, entre todos eles. Tratamos, en calquera caso, de atender aqueles procedementos máis xerais e polo tanto tamén máis susceptibles de teren rendibilidade práctica.

En calquera caso, e con vontade de maior concreción, podemos pensar nun modelo tomando as características do centro maioritario que temos hoxe en Galicia; isto é, un servizo que se denomina «servizo de normalización lingüística», que se insire na Administración local (nun concello) e que conta unicamente cun/-nha técnico/-a para afrontar todo o abano de funcións que debe realizar.

Desenvolvemos a seguir un modelo posible de xestión do traballo desde que este chega a nós ata que volve ás mans do autor:

a) avaliación inicial

Nesta fase sería o momento de elaborarmos unha ficha inicial con información tanto puramente administrativa como avaliativa sobre o documento. Nela deberíamos facer constar datos como data de chegada, remate e entrega, procedencia, autor, título, extensión; isto é, os datos máis habituais que nos permitan organizalo e tamén recuperalo. Mais tamén sería rendible incluír, quizais nun campo «avaliación» algunha información relativa máis estritamente á xestión do desenvolvemento da corrección ou da tradución que nos facilitase o traballo a posteriori. Pensamos en, tomando, segundo o volume de que se trate, tres páxinas ao chou, intentar facer unha avaliación temporal así como da complexidade da tarefa (detección de problemas terminolóxicos, por exemplo). Tamén podería ser rendible facer constar xa aquí un índice de prioridade estratéxica do texto.

MODELO DE FICHA
datos administrativos
título
procedencia
autor
extensión
data de chegada
data de inicio
data de remate
data de entrega
datos avaliativos
previsión temporal
grao de complexidade
índice de prioridade

Propoñemos tamén un modelo para establecer un índice de prioridade estratéxica do documento, empregando unha escala do un ao catro combinada cos criterios antes citados.

- Repercusión: se o vai ver moita ou pouca xente.
- Permanencia: tempo en que vai estar exposto ao público.
- Reiteración: frecuencia coa que se produce.
- Difusión: vai estar publicado e saír para fóra da organización ou vai ser un documento interno.

Índice de prioridade estratéxica				
	1	2	3	4
repercusión				
permanencia				
reiteración				
difusión				
total				

b) revisión

Aquí debemos salienta de partida a importancia de contarmos con documentos en soporte electrónico. Iso vai ser imprescindible para podermos aproveitar as ferramentas informáticas de que dispomos e para a automatización de tarefas da que falabamos nos obxectivos, co conseguinte aforro de tempo e optimización do traballo final.


Enumeramos a seguir algunhas das máis rendibles, que serán vistas con detemento na parte práctica do curso dedicada á axuda informática para o asesoramento lingüístico:

- Tradutores automáticos.
- Memorias de traducción.
- Correctores automáticos.
- Procuras automáticas.
- Creación de macros para automatizar funcións frecuentes.

Decidimos exemplificar con esta última por considerarmos que é unha función que nos facilita o Word, relativamente descoñecida polos/-as usuarios/-as, e moi útil para o referido á limpeza de textos. Pensamos por exemplo na creación

de macros relativas á limpeza de cuestións de edición: dobres espazos, secuencias como espacio+punto, espacio+coma, espacio+., espacio+?, ¿+espacio, (+espacio, etc., que son moi doadas de corrigir mediante este procedemento e ás veces moi complicadas de ver, tanto se estamos traballando na pantalla como se o facemos combinando a pantalla e o papel.

Tamén é verdade que debemos ter en conta de cara ao emprego ou non destas que é preciso darlle antes unha ollada xeral ao texto (tendo marcados os cadriños de 'Ferramentas>Opcións>Ver>Tabulacións, espazos e marcas de parágrafo', ou activado o botón de 'Amosar caracteres non imprimibles') para comprobar que o autor do texto non empregou, por exemplo, a barra espaciadora para facer tabulacións, porque nese caso o texto podería verse seriamente alterado no seu formato.




E, en relación con isto temos tamén a función automatizada que o Word ten no menú 'Edición>Procurar' para buscar e substituír automaticamente un determinado segmento. Esta opción é moi útil, mesmo aínda que non poidamos empregar a opción de substituír en todos os casos e vaíamos confirmando cada cambio un por un, para cuestións que afectan, por exemplo, ás uniformización dentro dun mesmo documento das diferentes opcións normativas que recolle o estándar (pode ser unha opción moi rendible de cara á implantación da denominada norma de concordia).

Así, podemos facer buscas automáticas de segmentos como:

«-l» para localizar as segundas formas do artigo (no caso das formas rematadas en -r mesmo podemos substituír semiautomáticamente estas por «r+espacio»).

«espacio+ó+espacio» e «espacio+ós+espacio» e substituílos respectivamente por «espacio+ao+espacio» e «espacio+aos+espacio». Poderíamos optar tamén por unha procura de «Ó» e «Ós» tendo marcado o cadriño de 'Só palabras completas' na opción 'Máis' deste menú de procura, para evitarmos que quede algún nos comezos de parágrafo. E así mesmo convén tamén aquí marcar o cadriño 'Coincidir maiúsculas e minúsculas' para evitarmos modificacións nos comezos de oración.

«ble+espacio» e «bles+espacio». Neste caso serviríanos para localizar as terminacións pero teríamos logo que ir cambio a cambio dado que a acentuación da palabra coa terminación -bel e -beis vaise ver modificada. Teríamos aínda que facer outra busca de «blemente+espacio» para modificar os correspondentes adverbios.



c) ordenación da documentación

Esta debe facerse de maneira que facilite a recuperación de información sobre o grao de coñecemento que o autor ou autores do texto, ou unha determinada área ou departamento do centro de que se trate, ten sobre a lingua galega na súa disciplina escrita. Isto axudaríanos, por unha parte, a matizar ou contrastar datos da análise/avaliación inicial (*vide* punto 1) e, por outra, a facer un seguimento da rendibilidade do noso traballo, que se podería plasmar por medio de informes periódicos sobre a evolución dos coñecementos en materia de lingua dunha determinada área do centro ou dun/-nha determinado/-a usuario/-a.

Debemos pensar para esta fase final na rendibilidade de establecermos unha organización á hora de archivar o material, que cómpre que sexa simple e útil. Así, poderíamos pensar na posibilidade de crear unha árbore de cartafolés coas distintas áreas da organización, ou mesmo con usuarios/-as en caso de termos un cadro de persoal reducido, dentro deste un cartafol con orixinais e outro con revisados.

Canto aos nomes dos documentos imos desenvolver tamén unha proposta, dado que esta cuestión é fundamental para axilizar a recuperación de información e para poder facer un seguimento na evolución da calidade lingüística.

Propoñemos uns títulos posibles para o caso de irmos crear dous cartafolés separados, un con orixinais e outro con revisados:

o(rixinal)_3_10_03_(autor)_(área)_(tipo de documento)

r(evisado)_3_10_03_(autor)_(área)_(tipo de documento)

Así:




o_3_10_03_cglez_urb(anismo)_inf(orme)

e

r_3_10_03_cglez_urb_inf

serían dous posibles documentos, orixinal e revisado, respectivamente que se recoñecerían por ter este nome común, agás no referido á primeira letra.

Outra opción posible na que non teríamos como resultado dous documentos sería a de traballar gardando versións (Arquivo>Versións) de maneira que, tendo un mesmo documento, poderíamos optar por abrir a versión orixinal e a última corrixida, en dúas fiestras para podérmolas comparar.




4.1 Asesorar sen ofender: a metodoloxía da revisión

O labor de asesoramento debe ser entendido e abordado nun SNL tamén en relación co grao en que fomente ou non entre os/as usuarios/-as unha visión positiva da calidade lingüística do galego que empregan.

E sendo isto así non se debe descoidar a vertente dinamizadora da corrección dado que a lingua é unha cuestión abondo delicada e susceptible de facer aflorar subxectividade e sensibilidades. A iso alude o epígrafe «corrixir sen ofender», á importancia de facerlle entender ao autor do texto por qué se lle corrixe algo, en qué medida o que se lle propoñen son suxestións (pensamos sobre todo en cuestións de estilo e de organización textual), e, sobre todo, transmitirle sempre a idea de que o seu texto segue sendo iso, un documento da súa autoría, que se ve mellorado co noso labor.

Unha opción do Word salientable de cara a conseguir corrixir despertando o menor grao de susceptibilidade posible no autor do texto é a de inserir comentarios.



Mediante esta función podemos incluír información tanto de carácter formativo como máis centrada na dinamización da corrección, en facerlle tamén visibles ao emisor do texto os «acertos» que ten (pensamos, por exemplo, na pertinencia dun infinitivo conxugado ben usado, trazo que adoita empregarse, nos poucos casos en que se fai, máis ben por proba/erro), facendo que teña unha maior implicación no proceso de corrección.


